

O mercado medieval distribúese ó longo das rúas vellas de Tui ofrecendo ós seus visitantes a artesanía mais variada, tentando cada ano crecer en calidade e tamaño. Todos os negocios locais de hostalaría, artesáns e asociacións culturais que o desexen, poderán participar no mercado medieval do Festival Arraianos que se celebrará os días 30 e 31 de agosto e 1 de setembro\*.

As condicións para a participación son as seguintes:

1. Facerse socios cunha conta de artesán ou de empresa (as asociacións culturais asociaranse coma conta empresa).
2. Cubrir o formulario de solicitude que atopará no perfil persoal de cada socio unha vez complete o seu rexistro e acepte as normas.
3. Realizar o pagamento seguindo as indicacións que atoparán no perfil persoal unha vez estea rexistrado.

O prezo para a edición do Festival Arraianos 2019 é de 20€/posto polos 3 días do festival . O posto non será maior de 2m de longo. Cada metro adicional sumará 5€ ó total.

O prezo para aqueles que desexen vender bebidas durante o Festival Arraianos 2019 será de 40€/ posto cada día do festival. O posto non será maior de 2 m de longo. Cada metro adicional sumárase 10€ ao total. Serán colocados nas prazas reservadas para tal fin.

\*O período de solicitudes e pagos é ata o 30 de xullo ás 00.00h.

## NORMAS DO MERCADO ARRAIANOS

1. É obrigatorio dispoñer dun seguro de responsabilidade civil vixente durante a participación no festival, que cubrirá tanto a actividade coma a zona específica autorizada para o desenvolvemento desta. Deberá adxuntarse á organización unha copia da póliza e do recibo correspondente. De non ter seguro, por favor, indíquenolo e poñerémonos en contacto con vostede despois de realizar a solicitude.

2. Non está permitido o uso de vasos, pratos e cubertos de plástico (está permitido, por exemplo, o cartón eco).

3. Tanto os postos como o material necesario para a súa actividade deberán adaptarse ao espazo asignado pola organización.

4. A ambientación dos postos á temática do Festival Arraianos é obrigatoria, tanto no exterior coma no interior dos mesmos. Por iso, o mobiliario e as estruturas deben ser de madeira ou palla. No caso de que non se utilicen estes dous materiais, deberanse recubrir con tecidos rústicos (liño, lenzo, tea de saco etc.).

5. É obrigatorio utilizar materiais tradicionais e vaixelas adecuadas ca temática do festival, polo que están prohibidos o uso de vasos, pratos e cubertos de plástico. Así mesmo, calquera elemento que non coincida coa época medieval que se vai recrear, deberá ocultarse.

6. Os veladores deben estar protexidos con materiais apropiados contra a choiva (totalmente ocultos no caso de que sexan de plástico, para non romper coa estética do festival), no caso de ter condicións atmosféricas desfavorables.

7. Todos os carteis, rótulos e prezos estarán adaptados á estética medieval, escritos sobre madeira, impresos en cartulina de cores terrosos e tipografía axeitada etc.

8. Os traxes utilizados polas persoas que participen deberán pertencer á época histórica na que se desenvolve o festival.

9. A música e animación permitidas durante o Festival serán aquelas que sexan exclusivamente acordes á temática medieval, polo que outro tipo de actividades quedarán prohibidas.

10. Queda prohibida a publicidade de toda marca comercial.

11. A listaxe de prezos deberá ser a mesma durante todo o festival, así como estar á vista en todo momento. Deberá indicarse que teñen á disposición do público follas de reclamacións.

12. Queda totalmente prohibida a venda de bebidas nas zonas marcadas, soamente poderán vender bebida os artesáns que pagasen a bonificación e estean nas zonas estipuladas. Deberán de ter en conta os apartados 2 e 5 da normativa. De non dispoñer vasos acordes, deberán de vender vasos ECO que lles facilitará a organización.

13. Os artesáns habilitados para a venda de bebidas terán permitido vender para consumir "in situ" tanto cervexa como viño, ademais de licores ou derivados, pero estes últimos servidos nun volume duns 30 mililitros.

Quedarán prohibido vender bebidas alcohólicas de maior gradación e de maior volume "in situ".

Quedarán habilitada a venda de bebidas de maior gradación co seu precinto para un consumo "ex situ".

14. Os participantes deberán encargarse da instalación necesaria do seu posto, o que quere dicir que terán que colocar a súa respectiva luz e levar o seu cableado ata a zona que marcará a organización con a toma de luz da praza en cuestión, e de haber, de auga.

15. Os participantes deberán ter en conta as medidas dos seus vehículos para a instalación do seu posto xa que o Mercado Medieval desenvólvese na zona monumental de Tui e as súas rúas son estreitas, polo que é moi importante que as medidas dos vehículos sexan o máis pequenas e máis precisas posibles.

16. A conservación do espazo limpo e libre de residuos é fundamental para unha boa convivencia das persoas durante o festival. Porén, cada participante ten a responsabilidade de manter limpo o espazo público asignado, recollendo restos de materiais, lixo ou manchas de líquidos como aceite, graxa ou bebida, así como deberá contar cun depósito de lixo cunha estética acorde coa ambientación do Festival (establecido no apartado 4 da normativa). O participante farase responsable do seu baleirado nos colectores municipais correspondentes.

17. A limpeza das instalacións e as condicións óptimas de uso son obrigatorias para evitar o risco de contaminación dos alimentos. Por iso, os establecementos que utilicen ou confeccionen alimentos deberán posuír electrodomésticos e/ou zonas de almacenaxe frigoríficos para a súa conservación.

18. En relación ao punto anterior, todos os utensilios e equipamento empregado na confección de alimentos ou directamente en contacto con eles deben manterse limpos e en bo estado de conservación.

19. Os produtos alimenticios que estean expostos no exterior dos establecementos deberán estar en recipientes apropiados.

20. Deberase prestar atención especial a todos os alimentos que precisen conservación en frío para evitar calquera risco para a saúde.

21. Os espazos deberán posuír medios eficaces de loita contra incendios.

22. O persoal activo dentro de calquera actividade relacionada coa manipulación de alimentos deberá extremar as medidas de hixiene, así como debe ter o certificado de manipulador/a de alimentos, que se presentará xunto coa solicitude.

23. Para evitar a contaminación dos alimentos e manter todo en excelentes condicións, non está permitido que o persoal que se encargue dos cobros manipule tamén os alimentos.

24. Horario, montaxe e desmontaxe para a participación no Mercado Medieval:

Horario: as actividades do Mercado, involucradas no Festival Arraianos, terán lugar obrigatoriamente:

- Venres de 20:00h a 00:00h (mínimo) ou 01:00h (máximo)
- Sábado de 12:00h a 00:00h (mínimo) ou 01:00h (máximo)
- Domingo de 12:00h a 22:00h (mínimo) ou 23:00h (máximo)

O sábado e o domingo haberá un parón voluntario dende as 15:00h ata as 19:00h.

**Montaxe:** para poder desenvolver o seu exercicio, a montaxe deberá realizarse no espazo proporcionado pola organización durante o venres entre as 09:00h e as 19:00h (o horario para cada participante será especificado pola organización), sempre respectando as normas de seguridade na instalación e montaxe, así como as normas en materia de ruído. De non estar montado o posto ás 19:00h, a organización reservase o uso do espazo adxudicado.

**Desmontaxe:** a desmontaxe terá que ser feita o a partires das 22:00h ata a 01:00h respectando, do mesmo xeito que na montaxe, as normas de seguridade e de materia de ruído.

25. A continuación enumeraranse as regras básicas e obrigatorias con respecto a utilización do lume durante o Festival Arraianos. O incumprimento desta normativa de lumes será motivo para o precinto inmediato do espazo autorizado para a actividade hostaleira:

- Os establecementos que queiran empregar ou facer lume deberán facelo constar na solicitude de participación. De non facelo, o seu uso queda totalmente prohibido.
- O lume farase no espazo que asigne a organización para ese fin.
- Queda prohibido facer lume debaixo de calquera material ou obxecto inamable, coma toldos ou instalacións eléctricas.
- O espazo no que se faga o lume debe estar perfectamente delimitado, impedindo o acceso a el de toda persoa allea ao establecemento.
- O lume debe facerse nun soporte que estea perfectamente illado mediante o uso de pranchas metálicas utilizadas en tres das catro caras do soporte. Ditas pranchas deben estar correctamente illadas pola parte exterior para impedir queimaduras a terceiras persoas.
- Todos os establecementos estarán equipados no espazo delimitado cun extintor de 6 kg EFICACIA 21 A-113 B, ou por dous extintores de 3 kg cada un.
- Os extintores non poden estar caducados, deben ter pasado todas as revisións e constar co retimbrado correspondente.
- Coa finalidade de evitar riscos, tanto para os visitantes do Festival Arraianos como para os establecementos participantes nas actividades, os servizos de seguridade poderán revisar tanto a delimitación do espazo do lume como a protección do mesmo.

26. A orixinalidade, a calidade, a presentación e a elaboración artesanal serán os principios nos que se baseará a elección dos candidatos presentados. Cómpre remarcar que non se admitirá a venda daqueles produtos elaborados por procedementos industriais.

A participación no mercado supón o compromiso de que os produtos á venda sexan elaborados de xeito artesanal.

27. A presentación de documentación falsa ou irregular será motivo de exclusión.

28. As persoas participantes deben respectar as accións de validación e supervisión da organización.

29. En caso de incumprimento das presentes normas, a organización resérvase o dereito de retirar aqueles materiais non permitidos, de finalizar a actividade no espazo público e/ou aplicar medidas sancionadoras pertinentes. Todos os utensilios confiscados devolveranse o día laborable seguinte do festival.

30. Non serán admitidas aquelas solicitudes carentes dalgún dos documentos esixidos, así como tampouco se aceptarán aquelas que non estean asinadas pola persoa responsable do establecemento.

31. A listaxe provisional de solicitudes admitidas iranse confirmando a partir do día 1 de xullo.

\* O incumprimento de calquera destas normas supón a exclusión inmediata da participación no mercado. Así mesmo, a organización resérvase o dereito de facer calquera modificación no mercado, así como a anulación deste por cuestións de seguridade ou de forza maior.

\* Recordamos que a autorización para a montaxe dun posto no mercado non é transferible e só a persoa titular será a responsable de dita autorización.

\* As persoas responsables dos postos tamén son responsábeis da legalidade da súa xestión (actividade profesional, fiscalidade, contratación, seguridade e hixiene, montaxe, mantemento, funcionamento, etc.)

\*De non realizar calquera das normas establecidas, o festival pode non aceptar a participación do artesán en próximos anos ou noutros eventos que realice a asociación.